

---

## **Grupo de Traballo en Psicoloxía do Envellecemento**

(Sección de Intervención Social; Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia)

# Manifesto a favor dunha atención psicolóxica especializada e sociosanitaria aos adultos maiores en centros de día e residenciais.

**5 de febreiro de 2022**

### **ANTECEDENTES**

Tendo coñecemento da circular enviada por Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia aos centros de día e dispositivos residenciais que prestan asistencia a adultos con diversidade funcional instando a dar de alta, entre outros, aos servizos de Psicoloxía no rexistro no 'Registro de centros, servicios y establecimientos sanitarios' de Galicia, o grupo de traballo de Psicoloxía do envellecemento do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPg) co apoio de propia sección de Intervención Social (COPg), a Asociación Galega do Sector da Dependencia (AGASEDE), a Asociación de Centros de Día de Galicia (ACDgal), a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias (FAGAL), a Sociedade Galega de Xeriatria e Xerontoloxía (SGXX), o Master Universitario de Psicogerontoloxía (UB, UV, USAL, USC), e a Asociación Española de Psicogerontología (AEPG), desexa facer as seguintes consideracións:

### **PUNTO 1: A atención psicolóxica aos adultos maiores debe seguir sendo sociosanitaria**

Os adultos maiores, incluso aqueles con importantes limitacións funcionais e/ou déficits cognitivos que son atendidos en centros de día ou residenciais, non son unicamente enfermos. Dado que grande parte das eivas na saúde destas persoas ten un carácter crónico e moi relacionados co proceso de envellecemento, a atención psicolóxica a estas persoas non debe centrarse unicamente nos síntomas da enfermidade, senón que debe dar resposta integral ás necesidades que permitan superar as limitacións ou minorizar os seus efectos a través intervencións que proporcionen os apoios emocionais, sociofamiliares, cognitivos, técnicos e terapéuticos precisos. Entendemos que isto debe facerse en dispositivos que deben transcender o exclusivamente sanitario xa que logo é neles desenvolven toda ou a maior parte da súa actividade cotiá e onde deben seguir tratando de dar sentido ás súas vidas, sen prexuízo de que algúns dos seus servizos teñan esta consideración (e.g., medicina, enfermaría, fisioterapia, podoloxía).

A experiencia na xestión da pandemia en centros de día e residenciais puxo de manifesto a necesidade de considerar en igualdade de condicións as necesidades sanitarias e sociais dos adultos maiores. A Psicogerontoloxía, sen prexuízo de que poidan existir outras opcións de especialización valiosas para a

---

Psicoloxía, reúne as condicións para ser considerada a mellor alternativa de especialización, en equivalencia ao que a Xeriatria supón para os especialistas en Medicina.

## **PUNTO 2: Competencias para a atención psicolóxica a adultos maiores con e sen afectación funcional**

A Psicoxerontoloxía é unha especialidade da psicoloxía centrada no estudo dos cambios e as peculiaridades condutuais e de saúde dos adultos maiores tendo en conta os factores sociais e culturais nos que se desenvolveu no pasado e o fai no presente (ver funcións en <http://psicogerontologia.org/tripticos-sobre-las-funciones-del-psicogerontologo-donde-quieres-que-los-mandemos/>). Nesta disciplina condénsase o coñecemento sobre como avaliar, diagnosticar e intervir para promover a vida saudable nos adultos maiores, previr a enfermidade ou merma do seu benestar, e ralentizar o avance e potenciar o mantemento da autonomía ante enfermidades que poden condicionar a súa funcionalidade e, particularmente, as neurodexenerativas que poñen en especial risco a saúde das súas cuidadoras.

No estado español, ofértase desde hai 15 anos o Master Universitario de Psicoxerontoloxía no que participan as universidades de Santiago de Compostela, Salamanca, Barcelona e Valencia. O acceso está restrinxido aos/ás titulados/as en Psicoloxía e o seu currículo está orientado exclusivamente a adquisición de competencias que habiliten aos/ás psicólogas/os para o traballo especializado con adultos maiores con e sen diversidade funcional (ver Anexo I). Os estudantes reciben unha formación multidisciplinar que imparten académicos e profesionais de ámbitos da xeriatria, da psicoxeriatria, da medicina paliativa, da psicoloxía social, clínica, psicobioloxía e do desenvolvemento, de educadores ou de traballadores sociais.

## **PUNTO 3: Regulación profesional estable e axeitada nos dispositivos asistenciais que proporcione seguridade profesional aos profesionais da Psicoloxía especializados na atención a adultos maiores**

Ate o de agora, a Xunta de Galicia veu considerando aos centros que prestan a atención aos adultos maiores como sociosanitarios. Nestes centros conviven con naturalidade e nun espazo de traballo interdisciplinar profesionais sanitarios (e.g., médicos/as, enfermeiras/os, podólogas/os, Fisioterapeutas, Terapeutas ocupacionais) xunto con profesionais sociosanitarios como os Psicoxerontólogos/as.

O recoñecemento do Psicólogo/a como profesión sanitaria a través da realización do master en Psicoloxía Xeral Sanitaria (PXS) ten provocado certa confusión, en gran parte debido a interpretacións erróneas da lexislación (*Ley 3/2014 sobre la defensa de los consumidores*). En particular, provoca una elevada confusión a descrición das funcións deste profesional nos centros sanitarios nos que debe desempeñar o seu traballo (Punto 1 da Disposición adicional séptima: *‘corresponde al Psicólogo General Sanitario, la realización de investigaciones, evaluaciones e intervenciones psicológicas sobre aquellos aspectos del comportamiento y la actividad de las personas que influyen en la promoción y mejora del estado general de su salud, siempre que dichas actividades no requieran una atención especializada por parte de otros*

---

*profesionales sanitarios*’). Non é infrecuente que particulares e, incluso algunha administración, entenda equivocadamente que esa especificación, ademais de indicar o que pode e debe facer este profesional nun contexto mutidisciplinar, sinala unhas funcións que deben arrogarse en exclusiva a este especialista en Psicoloxía. É doado de entender que calquera profesional da Psicoloxía (e.g., educativo, social, xurídico, do traballo) desempeña o seu traballo avaliando, facendo un diagnóstico da situación e/ou individuo, e intervindo para promover cando sexa preciso un cambio condutual orientado a mellorar o axuste, a adaptación e a saúde das persoas.

Ante estes malos entendidos que puntualmente teñen influído negativamente nas accións de inspección que a Subdirección Xeral que asume estas funcións no ámbito sanitario realiza sobre os centros e residencias de maiores, o grupo de traballo de Psicoloxía do Envellecemento (COPg) e responsables do Master Univ. en Psicoxerontoloxía, en colaboración coas responsables da inspección de sanidade e servizos sociais elaboraron en 2015 un documento no que se recollen os requirimentos para os profesionais da psicoloxía que traballen en centros sociosanitarios e sanitarios. Este documento foi sometido a consideración e ratificado de novo pola inspección de servizos sociais no ano 2021 (ver Anexo II).

No documento recoñécese que os psicoxerontólogos e outros profesionais da psicoloxía que dispoñan da especialización axeitada están habilitados para traballar en centros sociosanitarios, en particular, os adicados á atención a adultos maiores. Especificase que, para o caso de que un centro, unidade ou servizo estea dado de alta como centro sanitario debese contar cun Psicólogo/a Sanitario (Master en Psicoloxía Xeral Sanitaria ou PIR) que será o/a que ostente a responsabilidade máxima da mesma. Sendo que o especialista en Psicoloxía Xeral Sanitaria non é especialista en psicoloxía do envellecemento (ver Anexo I), entendemos que outorgarlle esta responsabilidade non é recomendable cando, ademais, en moitos destes servizos ou centros hai un único profesional da Psicoloxía. Por todo isto, **reiteramos a necesidade e pertinencia de que os centros, unidades ou servizos especializados na atención psicolóxica aos adultos maiores sigan a ter a consideración de sociais.**

---

Grupo de psicoloxía do Envellecemento (COPg)

Sección de Intervención Social (COPg)

Asociación Galega do Sector da Dependencia (AGASEDE)

Asociación de Centros de Día de Galicia (ACDgal)

Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias (FAGAL)

Sociedade Galega de Xeriatria e Xerontoloxía (SGXX)

---

Master Universitario de Psicogerontología (UB, UV, USAL, USC)

Asociación Española de Psicogerontología (AEPG)

ANEXO I. Táboa comparativa das materias que conforman o currículo nos masters universitarios de  
Psicoxerontoloxía e PXS

<i>Master Univ. en Psicoloxía Xeral Sanitaria-USC (Materias)</i>	<i>Master Univ. en Psicoxerontoloxía-USC (Materias)</i>
<p><b>OBRIGATORIAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Fundamentos científicos e profesionais da psicoloxía sanitaria</li> <li>Habilidades terapéuticas do psicólogo xeral sanitario</li> <li>-Estado de ánimo: avaliación e intervención psicolóxica</li> <li>-Ansiedade: avaliación e intervención psicolóxica</li> <li>-Avaliación e intervención psicolóxica en adicións</li> <li>-Intervención psicolóxica na nenez e na adolescencia</li> <li>-Intervención en Psicoloxía da Saúde</li> <li>-Neuropsicoloxía aplicada</li> </ul>	<p><b>OBRIGATORIAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li><b>-Envellecemento Desenvolvemento Persoal e Emocional.</b></li> <li><b>-Bases Psicobiolóxicas Envellecemento Normal e Patolóxico.</b></li> <li><b>-Cambios Cognitivos Envellecemento Normal e Patolóxico.</b></li> <li><b>-Envellecemento e Desenvolvemento Social.</b></li> <li><b>-Avaliación Intervención Psicosocial e Educativa.</b></li> <li><b>-Avaliación Intervención Funcional e Cognitiva.</b></li> <li><b>-Avaliación Intervención Neuropsicolóxica Demencias e Outros Trastornos</b></li> <li><b>-Avaliación Intervención Clínica nos Trastornos Mentais no Envellecemento.</b></li> </ul>
<p><b>OPTATIVAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Deseños de investigación aplicados á psicoloxía da saúde</li> <li>-Modelos multivariados de análise de datos aplicados á psicoloxía da saúde</li> <li>-Avaliación e intervención psicolóxica en alteracións da personalidade</li> <li>-Avaliación e intervención psicolóxica en alteracións da conduta alimentaria</li> <li>-Intervención en problemas de parella e disfuncións sexuais</li> <li>-Intervención familiar sistémica</li> <li><b>-Intervención psicolóxica na vellez</b></li> <li>-Programas de prevención e intervención nos problemas de conduta</li> <li>-Programas de rehabilitación psicosocial</li> <li>-Intervención en crise e trauma</li> <li>-Intervención psicolóxica na enfermidade física crónica</li> <li>-Prevenición e promoción da saúde</li> <li>-Intervención neuropsicolóxica</li> <li>-Psicofarmacoloxía</li> <li>-Biofeedback e Neurofeedback</li> </ul>	<p><b>OPTATIVAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li><b>-Competencias en investigación psicoxerontolóxica.</b></li> <li><b>-Bioética e deontoloxía</b></li> <li><b>-Intervención en demencias.</b></li> <li><b>-Metodoloxías cuantitativas e cualitativas na investigación psicoxerontolóxica.</b></li> <li><b>-Psicología da morte e o dó.</b></li> <li><b>-Nutrición, estilo de vida e saúde no envellecemento.</b></li> <li><b>-Dirección e xestión de recursos en servizos sociais</b></li> <li><b>-Vínculos afectivos e sexualidade no envellecemento.</b></li> <li><b>-Intervención familiar e coidadores</b></li> <li><b>-Participación cívica e programas interxeracionais.</b></li> <li><b>-Comunicación e linguaxe no envellecemento. Avaliación e intervención.</b></li> <li><b>-Avaliación psicofisiolóxica no envellecemento.</b></li> <li><b>-Psicoloxía ambiental e accesibilidade ao contorno.</b></li> <li><b>-Educación permanente e envellecemento</b></li> </ul>
<p>Practicum (30 ECTS) en dispositivos sanitarios variados baixo supervisión dun psicólogo/a sanitario.</p>	<p>Practicum (13 ECTS) en <b>dispositivos de atención e asistencia a adultos maiores</b> baixo supervisión do psicólogo/a do centro ou institución.</p>

---

ANEXO II. Documento sobre requerimentos para o traballo en centros sociais e sanitarios dos  
profesionais da Psicoloxía

---

*Reunidos el día 19 de junio de 2015 en la 'Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais', Xunta de Galicia:*

Participantes:

Por una parte, los representantes de la administración autonómica:

-D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús López Bahamonde, Subdirectora General de Autorización e Inspección de Servizos Sociais (Xunta de Galicia).

-D<sup>a</sup> Ana Vázquez Estepa, Jefa del Servicio de Autorización de Centros, Servicios y Establecimientos Sanitarios (Xunta de Galicia).

-D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Sánchez Día, Jefa del servicio de Inspección de Mayores, Discapacidad y Dependencia (Xunta de Galicia).

y, por la otra:

-D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, Presidenta de la sección de Intervención Social del Colegio Oficial de Psicología de Galicia (COPg)

-D. Onésimo Juncos Rabadán, Profesor de Psicología Evolutiva e da Educación de la Universidade de Santiago de Compostela y Coordinador General del Master Universitario en Psicogerontología (Interuniversitario).

-D. Arturo X. Pereiro Rozas, Director del Departamento de Psicología Evolutiva e da Educación de la Universidade de Santiago de Compostela.

Objetivo:

Clarificar algunos aspectos relacionados con el ejercicio profesional de la Psicología en dispositivos asistenciales de Servicios Sociales y Sanitarios.

Se concluye:

- 1) Se definen como **centros de servicios sociales** aquellos equipamientos, reglamentariamente tipificados, en los que se desarrollan de modo estable y continuado servicios, programas y actividades de servicios sociales en las distintas áreas sociales. **Las entidades prestadoras de servicios sociales titulares de centros de servicios sociales** tendrán que estar inscritas con carácter previo al inicio de sus actividades en el Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais -RUEPSS- (<https://benestar.xunta.es/XiacWeb/>). **Los centros de servicios sociales están sujetos a la previa y preceptiva autorización administrativa por la Consellería de la Xunta de Galicia con competencias en la materia de servicios sociales, de conformidad con establecido en la normativa específica que los regula.** El otorgamiento de esta autorización lleva consigo su registro en el RUEPSS. En un **centro de servicios sociales pueden prestarse**, además, **servicios sanitarios** estando sujetos a autorización administrativa por la Consellería de la Xunta de Galicia con competencias en materia de sanidad.



- 
- 2) Los servicios sanitarios integrados en organizaciones cuya actividad principal no es sanitaria (centros de servicios sociales como residencias de personas mayores o discapacitadas, o centros de día) tienen que contar además con la autorización para ese servicio sanitario que prestan. Dichos servicios están dados de alta en el Registro de Centros, Servicios e Establecimientos Sanitarios (Galicia: <http://www.sergas.es/BUCEN/BuscadorCentroseServizos.aspx?IdPaxina=10158>) y estatales (<http://regcess.mssi.es/regcessWeb/inicioBuscarCentrosAction.do>), y por lo cumplen con la legislación autonómica y estatal vigente en materia de centros o servicios sanitarios.
  - 3) Los profesionales responsables de centros o servicios sanitarios autorizados tienen que tener la consideración de profesionales sanitarios (en el ámbito regulado de la Psicología, son profesionales con titulación o reconocimiento convalidado del título en Psicología General Sanitaria o Especialistas en Psicología Clínica a través del sistema P.I.R.), **sin perjuicio de que otros profesionales no-sanitarios** puedan desempeñar su trabajo en esos mismos centros o servicios sanitarios autorizados.
  - 4) La asistencia psicológica no-sanitaria que se presta en centros de servicios sociales debe ser realizada por profesionales especializados que disponen de titulación que los habilite para el desarrollo de esas funciones sin necesidad de tener la consideración de profesional sanitario.
  - 5) Los colegios profesionales (para la Psicología, el COPg en nuestro ámbito territorial), carecen de capacidad legislativa, pero pueden velar por el ejercicio adecuado de las funciones que realizan los profesionales en cualquier dispositivo asistencial e, en particular, de acuerdo con la asistencia que prestan (e. g., psicosocial, socio-comunitaria, socio-sanitaria, socio-educativa, sanitaria).